

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**5956** REAL DECRETO 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea. («BOE» 72, do 25-3-2003.)

Como consecuencia do Acordo de Berlín sobre o epígrafe agrícola da Axenda 2000 e, en concreto, sobre a reforma da organización común de mercado no sector do leite e os produtos lácteos, dictouse o Regulamento (CE) n.º 1256/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, que modifica o Regulamento (CE) n.º 3950/92 do Consello, do 28 de decembro de 1992, polo que se establece unha taxa suplementaria no sector do leite e os produtos lácteos, aplicable desde o 1 de abril do ano 2000.

Este regulamento prorroga o réxime de cotas lácteas durante oito novos períodos de 12 meses, ata o 1 de abril do ano 2008, aumenta as cantidades globais garantidas dos estados membros, reforza a posición dos produtores activos e amplía o grao de subsidiariedade dos estados membros en certos aspectos relacionados coa regulación das transaccións individuais entre particulares.

Por outro lado, tiveronse en consideración as sentencias 45/2001, do 15 de febreiro, e 95/2001, do 5 de abril, dictadas polo Pleno do Tribunal Constitucional nos correspondentes conflitos de competencia, que lle atribúen ó Estado a competencia para adopta-la resolución final dos expedientes de asignación de cotas procedentes da reserva nacional, e ás comunidades autónomas cando non procedan da reserva nacional.

Así mesmo, a experiencia adquirida na xestión e a evolución estrutural constatada no sector inducen a propoñer certas reformas para adapta-los mecanismos de reestruturación actualmente en vigor á actual situación do sector. Neste sentido, considerouse oportuno modifica-los requisitos e límites para a asignación de cota procedente do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, ampliando as posibilidades de participación dos produtores. Tamén se clarifican aspectos relativos a prazos e formas de tramitación do resto de procedementos de xestión que pretenden unha maior coordinación e tratamento uniforme dos produtores en tódalas comunidades autónomas e, polo tanto, mellor cumprimento das esixencias do réxime da taxa suplementaria.

Recóllese, ademais, o acordo parlamentario en relación coa ampliación das categorías de produtores que poden adquirir cota desligada da explotación.

Por último, é necesario considerar que a lexislación nacional que se refire ó sector lácteo actualmente en vigor sofre dunha dispersión normativa que dificulta extremadamente o seu estudo, consulta e comprensión. O feito de que parte dela, ademais, fose derogada en determinados artigos vén agravar esta situación. Diso xorde a necesidade dunha recompilación e codificación das normas, obxectivo ó que tamén vai dirixida esta disposición.

Como conclusión, e polas razóns de simplificación da normativa xa mencionadas, convén derogar, por outro lado, determinadas disposicións hoxe obsoletas, e adapta-los preceptos nelas contidos ás circunstancias actuais. Tal é o caso do Real decreto 1888/1991, do 30 de decembro, polo que se establece un plan de reordenación do sector do leite e dos produtos lácteos, e do Real decreto 324/1994, do 28 de febreiro, polo que se establecen normas reguladoras do sector do leite e dos produtos lácteos e do réxime da taxa suplemen-

taria, así como do Real decreto 2230/1994, do 18 de novembro, polo que se establecen normas para a asignación de cantidades de referencia de leite da reserva nacional.

Por outro lado, convén tamén derogar disposicións que, sen estaren obsoletas, deben adaptarse á mencionada reforma da Axenda 2000. Tal é o caso do Real decreto 1486/1998, do 10 de xullo, sobre a modernización e mellora da competitividade do sector lácteo, e do Real decreto 174/1998, do 16 de febreiro, polo que se establecen normas xerais de repartición de determinadas cantidades de referencia integradas na reserva nacional de cotas lácteas.

No proceso de elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo da aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de marzo de 2003,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

**Obxectivo e disposicións básicas**

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> OBXECTIVO E DEFINICIÓNS

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten como obxecto a regulación con carácter básico do sistema de xestión da cota láctea en España.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

- a) Leite: o produto procedente da muxidura dunha ou varias vacas.
- b) Outros produtos lácteos: a nata, a manteiga e os queixos, especialmente.
- c) Productor: o gandeiro, persoa física ou xurídica ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas, a explotación do cal estea situada no territorio español, que venda leite ou outros produtos lácteos directamente ó consumidor, ou que os entregue a un comprador.
- d) Explotación: o conxunto de unidades de produción xestionadas polo produtor e situadas no territorio español. Cada unidade de produción disporá do correspondente código de explotación, de conformidade co Real decreto 205/1996, do 9 de febreiro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina, porcina, ovina e caprina, ou norma aplicable, se é o caso.
- e) Comprador: a empresa ou agrupación, debidamente autorizada pola lexislación vixente no réxime de taxa suplementaria, que compre leite ou outros produtos lácteos ó produtor para tratalos ou transformalos, ou, se é o caso, para cedelos a unha ou varias empresas que traten ou transformen leite ou outros produtos lácteos.
- f) Entrega: toda venda ou cesión gratuíta de leite ou outros produtos lácteos polo produtor a un comprador autorizado, con independencia de quen realice o transporte.
- g) Venda directa: a venda ou cesión gratuíta de leite ou equivalente de leite vendidos directamente ó consumo, así como o leite ou os produtos lácteos convertidos en equivalentes de leite, vendidos ou cedidos

gratuitamente sen a mediación dunha empresa tratante ou transformadora de leite ou outros produtos lácteos.

h) Cota láctea: a cantidade de referencia individual de leite, expresada en quilogramos e vinculada a un contido de materia graxa expresado en porcentaxe, asignada a cada explotación. Esta poderá dividirse, se é o caso, nunha cantidade para entrega e outra cantidade para venda directa. En cada explotación, non poderá haber máis dunha cantidade de referencia para entrega a compradores e, se é o caso, unha cantidade de referencia para venda directa ó consumo.

i) Período: o que comeza o un de abril de cada ano e remata o 31 de marzo do ano seguinte.

j) Utilización da parte de cota láctea destinada á venda directa: cando, con cargo á cota asignada neste concepto, o produtor comercialice leite ou outros produtos lácteos directamente ó consumidor, ou cando efectúe cesións temporais desta parte da cota.

k) Utilización da parte de cota láctea destinada á entrega: cando, con cargo á cota asignada neste concepto, o produtor realice entregas a un comprador autorizado ou cesións temporais desta parte da cota.

l) Casos de forza maior.

Para efectos do establecido neste real decreto, terán a devandita consideración os seguintes casos:

1.º Unha catástrofe natural grave que afectase de forma importante a explotación.

2.º A destrución accidental dos recursos para a alimentación do gando ou das edificacións da explotación destinadas ás vacas leiteiras.

3.º A morte ou sacrificio dunha parte significativa do rabaño de vacas leiteiras como consecuencia dunha epizootia oficialmente declarada ou que sexa obxecto de programas nacionais de erradicación.

m) Casos excepcionais.

Para efectos do establecido neste real decreto, terán a devandita consideración os seguintes casos:

1.º A incapacidade temporal ou invalidez permanente do titular da cota, se se encargaba por si mesmo da explotación, de acordo co disposto no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2.º Calquera outra causa debidamente xustificada e documentada que afecte a capacidade de produción dos produtores interesados e que a autoridade competente así o considere.

n) Agricultor profesional: o que se define no artigo 2.5 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

ñ) Agricultor mozo: a persoa que cumprise 18 anos e non cumprise 40 anos, e exerza ou pretenda exercer a actividade agraria, de conformidade coa definición establecida no artigo 2.7 da Lei 19/1995.

o) Explotacións asociativas: aquelas que, segundo se establece no artigo 6 da Lei 19/1995, adoptan algunha das seguintes formas xurídicas:

1.º Sociedades cooperativas ou sociedades agrarias de transformación.

2.º Sociedades civís, laborais ou outras mercantís que, en caso de que sexan anónimas, as súas accións deberán ser nominativas, sempre que máis do 50 por cento do capital social, de existir este, pertenza a socios que sexan agricultores profesionais. Estas sociedades terán por obxecto exclusivo o exercicio da actividade agraria na explotación da que sexan titulares.

### Artigo 3. *Asignación de cotas lácteas.*

1. A cota láctea de cada explotación será igual á cantidade asignada o 1 de abril do 2003, actualizada, se é o caso, pola Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou polo órgano competente da comunidade autónoma na que radique a explotación, para cada un dos períodos, en función do establecido neste real decreto e de forma que a suma das cotas lácteas individuais de igual natureza non supere, para cada un dos períodos, a cantidade global prevista no anexo do Regulamento (CEE) 3950/92 do Consello, do 28 de decembro de 1992, polo que se establece unha taxa suplementaria no sector do leite e dos produtos lácteos.

2. A Dirección Xeral de Gandería realizará as asignacións e actualizacións de cotas lácteas debidas a:

a) As variacións da cantidade global garantida para España como Estado membro, en aplicación de lexislación da Unión Europea.

b) As transferencias de cotas desvinculadas da explotación entre produtores de distintas comunidades autónomas, previstas no artigo 38 deste real decreto.

c) A asignación de cotas procedentes da reserva nacional prevista na sección 1.ª do capítulo III.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicaranlle ó produtor e á Dirección Xeral de Gandería, antes do 15 de marzo de cada período, as actualizacións de cota non recollidas no punto 2. A Dirección Xeral de Gandería efectuará a comunicación ós compradores e ó Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) para os efectos de liquidación da taxa suplementaria. Calquera modificación comunicada á Dirección Xeral de Gandería con posterioridade a esa data non será tida en conta para os efectos da liquidación de taxa suplementaria do período de que se trate.

4. Os produtores deberán comunicarlle ó comprador ou compradores autorizados ós que realicen as súas entregas calquera modificación da súa cota.

### Artigo 4. *Base de datos nacional de cotas lácteas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación creará unha base de datos na que se reflectan tódalas cotas lácteas asignadas individualmente, así como as modificacións e actualizacións das cotas de tódolos produtores.

2. As comunidades autónomas subministraranlle á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a información necesaria para a correspondente actualización da base de datos.

#### SECCIÓN 2.ª RETIRADA DE COTAS

### Artigo 5. *Retirada da cota.*

1. Cando, durante dous períodos consecutivos, un produtor non utilice polo menos un 70 por cento da súa cota en cada un deles, perderá definitivamente a porcentaxe de cota non utilizada en ningún dos dous períodos, que se engadirá á reserva nacional con efectos do un de abril do período seguinte ós considerados. Sen embargo, non perderá a devandita cota nos casos de forza maior e casos excepcionais debidamente xustificadas considerados nas alíneas l) e m) do artigo 2 e que se comunicasen ó órgano competente da respectiva comunidade autónoma en canto o produtor teña coñecemento deles e, en calquera caso, antes do final do segundo período.

2. Non obstante o establecido no punto 1, cando durante un período de 12 meses un produtor non utilice

a súa cota, esta engadirase con carácter provisional á reserva nacional a partir do inicio do período seguinte, durante o cal non poderá ser obxecto de transferencia, cesión temporal, transvasamento nin abandono. A devandita integración adquirirá carácter definitivo unha vez finalizado o citado segundo período sen que o produtor utilizase a súa cota.

O produtor recuperará a cota na súa totalidade e cos mesmos dereitos e obrigas orixinais no caso de que reinicie a produción antes de que finalice o segundo período e realice entregas ou vendas directas do 70 por cento ou máis da cota láctea que tiña asignada ó inicio do período anterior.

O produtor recuperará a parte de cota utilizada cos mesmos dereitos e obrigas orixinais no caso de que reinicie a produción antes de que finalice o segundo período e realice entregas ou vendas directas por debaixo do 70 por cento da cota láctea que tiña asignada ó inicio do período anterior.

3. O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do produtor dictará, antes do 30 de setembro do período no que a retirada teña plenos efectos, as resolucións correspondentes a:

a) Aqueles produtores dos cales a cota deba ser engadida definitivamente á reserva nacional por non utilizar a súa cota durante dous períodos consecutivos.

b) Aqueles produtores que, en aplicación do punto 1, deban perder parte da súa cota.

c) Aqueles produtores dos cales a parte da cota deba ser engadida á reserva nacional en aplicación do parágrafo terceiro do punto 2.

4. A contabilización das retiradas efectuarase de forma independente entre os dous posibles compoñentes da cota láctea, é dicir, venda directa ó consumo e entrega a compradores.

5. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicarlles ás comunidades autónomas, para os efectos da aplicación da retirada de cotas, as entregas totais de cada un dos produtores a explotación dos cales radique nos seus respectivos ámbitos territoriais.

## CAPÍTULO II Abandono indemnizado

### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> PROGRAMAS NACIONAIS DE ABANDONO

#### Artigo 6. *Obxecto.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá pór en marcha programas nacionais de abandono da produción leiteira, mediante a concesión dunha indemnización económica, co fin de servir de elemento de reordenación destinado a estimular a modernización do sector e a súa adecuación ás esixencias de competitividade.

2. O abandono afectará a totalidade da produción leiteira e o produtor deberá comprometerse na solicitude a facelo efectivo antes de que finalice o período no que se conceda. A indemnización a cada produtor concederase pola cota láctea individual, tanto de entregas a compradores como de venda directa, excluída a recibida gratuitamente da reserva nacional, que teña asignada o 1 de abril do período de concesión, ponderada, no caso da de entrega a compradores, a un 3,64 por cento de materia graxa.

3. Da cantidade total de cota indemnizada en cada período por programas nacionais de abandono, destinarase o 80 por cento para a súa asignación, no período seguinte, a outros produtores a través do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas establecido na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III.

#### Artigo 7. *Convocatoria dos programas.*

1. O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación convocará mediante orde ministerial os programas nacionais de abandono, determinando o prazo de solicitude, a cantidade global máxima que se vai indemnizar, os importes da indemnización por quilogramo de cota abandonada e a cota individual máxima prevista no artigo 8.1.a).

2. A distribución dos recursos financiados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación entre as comunidades autónomas efectuarase de acordo co previsto no artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

#### Artigo 8. *Beneficiarios.*

1. Poderán solicitar a indemnización por abandono os produtores que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter cota asignada ó inicio do período que non supere a cantidade máxima individual fixada en cada convocatoria.

b) Non solicitar cesións temporais, transferencias nin transvasamentos durante o período.

c) Estar libre de compromisos derivados de calquera axuda que perciba ou percibise, destinada á súa explotación leiteira, de entre as previstas no Real decreto 204/1996, do 9 de febreiro, sobre melloras estruturais e modernización das explotacións agrarias, ou no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

2. Os produtores que recibisen cotas procedentes da reserva nacional, mediante asignacións directas ou como asignacións complementarias a través do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, poderán solicitar o abandono da súa produción, aínda que as cotas citadas non serán indemnizadas e reincorporaranse á reserva nacional, salvo que ás devanditas cantidades lles fose de aplicación o establecido no punto 5 do artigo 22.

3. Os produtores titulares de cota ós que se lles conceda a indemnización por abandono regulado por este real decreto e reúnan as condicións necesarias poderán acollerse ás axudas consideradas no capítulo IV do título II, «Cesamento anticipado da actividade agraria», do Regulamento (CE) n.º 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos.

#### Artigo 9. *Solicitudes.*

As solicitudes de indemnización por abandono dirixiránse ó órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do solicitante e deberán conter, polo menos, os datos que figuran no modelo previsto no anexo I.

#### Artigo 10. *Tramitación e resolución.*

1. A tramitación e resolución das solicitudes, así como o pagamento, se é o caso, das indemnizacións, corresponderá ós órganos competentes da comunidade autónoma no territorio da cal radique a explotación do solicitante.

2. As comunidades autónomas comunicaránlle á Dirección Xeral de Gandería, no prazo máximo de dous meses contados desde o día seguinte ó de finalización do prazo de solicitude, o número destas que cumpren

os requisitos establecidos no artigo 8 e o importe total que se vai indemnizar, para os efectos da distribución de recursos financeiros prevista no punto 2 do artigo 7.

3. No caso de que os recursos financeiros asignados a unha comunidade autónoma de conformidade co artigo 7 sexan inferiores á suma das indemnizacións correspondentes ás solicitudes validamente presentadas naquela, seguirase a seguinte orde de prioridade, tras ordenalos de menor a maior cota asignada, ou en función dos criterios que cada comunidade autónoma estableza:

a) Razóns ambientais que obriguen ó peche da explotación.

b) Dificultades de adaptación ó cumprimento das esixencias do Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

c) O produtor de maior idade.

4. O produtor non poderá recupera-la cota abandonada unha vez resolta favorablemente a súa solicitude de abandono definitivo da produción.

5. Para efectos de que a Administración xeral do Estado dispoña en prazo abondo da información necesaria para o correcto cumprimento das obrigas derivadas do réxime de taxa suplementaria no sector do leite e produtos lácteos, por razóns de coordinación, as comunidades autónomas resolverán e notificarán as solicitudes de abandono antes do 1 de marzo do período de solicitude.

#### Artigo 11. *Controis.*

1. No caso de que non se faga efectivo o abandono no prazo establecido, o órgano competente da comunidade autónoma, sen prexuízo do establecido no artigo 50, non aboará a indemnización ó produtor, integrándose a cota na reserva nacional.

2. No seo da mesa de coordinación de cotas lácteas aprobarase un plan nacional de control para cada período, co fin de verificar que tódolos beneficiarios dos programas de abandono nos respectivos ámbitos xeográficos abandonaron realmente a produción de leite, unha vez ingresadas as indemnizacións correspondentes.

3. O plan nacional de control deberá recoller calquera aspecto que se considere necesario para a realización coordinada dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo.

4. Correspóndelles ós órganos competentes das comunidades autónomas a realización das actividades de control dos programas nacionais de abandono da produción láctea regulados por este decreto.

5. O incumprimento dos compromisos de abandono suporá o reintegro das cantidades percibidas, coa esixencia do xuro de mora desde o momento do pagamento da indemnización, con permanencia na reserva nacional da cota abandonada.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup> PROGRAMAS AUTONÓMICOS DE ABANDONO

#### Artigo 12. *Programas de abandono financiados polas comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas poderán establecer programas de abandono indemnizado da produción láctea, efectuados dentro dos seus respectivos territorios e indemnizados con cargo ós seus propios recursos financeiros.

As cotas así indemnizadas pasarán á reserva nacional e serán asignadas individualmente polas respectivas comunidades autónomas entre os produtores do seu ámbito xeográfico.

2. As cantidades así asignadas terán a natureza inherente á súa consideración de cantidades procedentes da reserva nacional, polo que non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión nin de indemnización por abandono e reintegraranse á reserva nacional no caso de que o produtor transfira total ou parcialmente a súa cota.

Non obstante, no caso de que a comunidade autónoma decida realizar unha asignación non directa, senón equivalente á recollida na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III, as cantidades de cota asignadas ós produtores logo do pagamento da cantidade fixada perderán, no momento do pagamento, a condición de cantidades procedentes da reserva nacional.

3. As respectivas comunidades autónomas asignarán entre os produtores do seu ámbito xeográfico e conxuntamente coas cantidades mencionadas no punto 1 as seguintes cantidades:

a) As cantidades reintegradas na reserva nacional en virtude do establecido no punto 2.

Exceptúanse do establecido no parágrafo anterior os casos de transferencias de cotas vinculadas ás explotacións, sempre que se trate da mesma explotación que tiña o produtor anterior, quedando as cotas procedentes da reserva nacional suxeitas ós requisitos de orixe.

b) As cantidades asignadas individualmente mediante o establecido neste artigo que, por non ser utilizadas durante dous períodos consecutivos ou en aplicación do parágrafo terceiro do artigo 5.2, deban ser engadidas á reserva nacional, e sempre e cando non lles fora de aplicación o establecido no artigo 22.5.

4. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, as cotas asignadas procedentes da reserva nacional perderán tal natureza e quedarán liberadas das limitacións establecidas no punto 2 deste artigo cando se dean as condicións previstas no artigo 22.5.

### CAPÍTULO III

#### Reserva nacional

#### Artigo 13. *Cantidades que constitúen a reserva nacional.*

Na reserva nacional e formando parte da cantidade global garantida para España, intégranse, con carácter xeral, as cotas que non sexan obxecto ou deixen de ser obxecto dunha asignación individual, e en particular:

a) As procedentes da retirada de cotas ós produtores.

b) As cotas procedentes dos programas de abandono da produción láctea.

c) As procedentes de renunciadas.

d) As recuperadas en transferencias de cota entre produtores en aplicación deste real decreto.

e) As procedentes de posibles incrementos concedidos a España pola Unión Europea.

#### Artigo 14. *Asignación.*

As cotas integradas na reserva nacional poderán asignarse das seguintes maneiras:

a) Mediante as correspondentes convocatorias de asignación directa, a aqueles produtores que o soliciten, asignaranse as cotas ás que se refiren as alíneas a), c), d) e e) do artigo 13 conforme se establece na sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo.

Así mesmo asignaranse mediante o citado procedemento o 20 por cento das cotas indemnizadas procedentes dos programas nacionais de abandono, aquelas cotas non indemnizadas procedentes destes, así como

as cotas sobrantes trala finalización do proceso de asignación a través do Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, conforme se establece no artigo 30.5.

b) Mediante o Fondo nacional coordinado de cotas lácteas asignarase o 80 por cento das cotas procedentes dos programas nacionais de abandono.

c) Mediante o procedemento de asignación que cada comunidade autónoma estableza asignarase as cotas procedentes dos programas autonómicos de abandono considerados no artigo 12.

d) En cumprimento de sentencias xudiciais ou resolucións administrativas.

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> ASIGNACIÓN DIRECTA DE COTAS CON CARGO Á RESERVA NACIONAL

##### Artigo 15. *Convocatorias de repartición.*

Para os efectos do establecido no punto 1 do artigo anterior, o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer as correspondentes convocatorias mediante orde ministerial na que se fixarán as cantidades que hai que repartir, as cantidades que se reterán para atender as posibles reclamacións e o prazo para a presentación de solicitudes.

##### Artigo 16. *Requisitos.*

Unicamente poderán recibir asignacións de cotas procedentes da reserva nacional os solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

a) Non se acoller ós programas de abandono definitivo da produción de leite, financiados con cargo a fondos da Unión Europea, nacionais ou autonómicos.

b) Non transferir cota durante os últimos tres períodos.

c) Que as entregas e vendas directas de leite e produtos lácteos (incluídas as cesións temporais) do último período sexan, polo menos, do 90 por cento da cota que tivese asignada neste. Para a valoración do cumprimento deste requisito, non se considerarán os casos de forza maior e excepcionais, salientados nas alíneas l) e m) do artigo 2.

d) Que cumpran as esixencias de calidade do leite, de acordo co Real decreto 1679/1994, en, polo menos, un dos tres meses anteriores á data de inicio do prazo de solicitude, no referente a contido en xermes, células somáticas e presenza de auga engadida, e durante os seis meses anteriores á devandita data no referente a presenza de residuos de substancias farmacoloxicamente activas.

e) Non renunciar á asignación de cota procedente da última convocatoria de repartición de reserva nacional.

f) En caso de solicitar cota ó Fondo nacional coordinado de cotas lácteas no mesmo período ou no anterior, non incumpri-la obriga de deposita-la cantidade correspondente no prazo establecido neste real decreto.

g) Non ser excluídos de asignación de cotas procedentes da reserva nacional por unha declaración falsa ou incorrecta por negligencia grave nalgunha das tres últimas convocatorias.

h) Non ser excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuíbles ó interesado.

i) Que, en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o que se solicita a asignación de cota da reserva nacional, o interesado fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de residuos de substancias prohibidas en virtude do Real decreto 1373/1997, do 29 de agosto, polo que se prohíbe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e subs-

tancias beta-agonistas de uso na cría de gando, ou de substancias ou produtos non autorizados ou substancias ou produtos autorizados, pero en posesión ilegal na súa explotación.

j) Non ser sancionado por falta moi grave en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o que se solicita a asignación de reserva, por incumprimento da normativa básica establecida en materia de alimentación e benestar animal e en particular o Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, e o Real decreto 348/2000, do 10 marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

k) Non ser sancionado por falta moi grave en ningún dos tres períodos anteriores ó de solicitude de cota da reserva nacional, en materia de identificación animal.

l) Non se atopa-lo titular da explotación en situación de xubilación.

##### Artigo 17. *Presentación de solicitudes e documentación.*

1. As solicitudes de asignación de cota procedente da reserva nacional, dirixidas ó director xeral de Gandería, presentarase ante o órgano competente da comunidade autónoma na que radique a explotación do solicitante ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. A formalización da solicitude realizarase nos modelos que conteñan, polo menos, os datos recollidos no anexo II e nos prazos que para tal efecto se establezan.

##### Artigo 18. *Baremo de puntuación das solicitudes.*

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo co seguinte baremo de puntuación:

a) Tres puntos por ser titular dunha explotación agraria familiar ou asociativa que, na data de inicio do período de presentación da solicitude de cota procedente da reserva nacional, teñan a consideración de prioritarias de acordo cos requisitos establecidos polos artigos 4 a 6 da Lei 19/1995.

A acreditación da condición de explotación prioritaria para estes efectos realizarase da forma prevista no punto 3 do artigo 16 da citada lei.

b) Dous puntos por te-la condición de agricultor profesional, segundo se define no artigo 2.n).

Esta puntuación será incompatible coa obtención dos tres puntos previstos na alínea a).

c) Tres puntos por obter, nalgún dos cinco anos inmediatamente anteriores á data da solicitude de asignación de cota, algunha axuda oficial das previstas nos números 1.º, 3.º ou 4.º seguintes, ou cinco puntos se se refiren ó número 2.º:

1.º A prevista na alínea a) do punto 1 do artigo 3 do Real decreto 613/2001.

2.º As que nesta mesma liña poidan obterse de acordo co disposto no capítulo II do título II, «Instalación de agricultores mozos», do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

3.º As previstas nas alíneas d), g) e h) do artigo 3.2 do Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

4.º Calquera outra axuda da mesma natureza concedida ó amparo de normativa derogada polas disposicións aludidas anteriormente.

d) Tres puntos por te-la condición de agricultor mozo, segundo se define no artigo 2.º).

e) Dous puntos por non recibir asignación na convocatoria inmediatamente anterior, solicitándoo e cumprindo os requisitos.

f) Dous puntos por estar situada a explotación en zona desfavorecida ou de limitación ambiental específica, das consideradas no capítulo V do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

As explotacións asociativas poderán obter a puntuación das alíneas b) e d) cando polo menos o 50 por cento dos socios que as integran cumpran a condición establecida en cada un deles.

g) Un punto por comprar cota a través de transferencia nos últimos dous períodos.

h) Un punto por estar integrado nun núcleo de control leiteiro

i) Un punto por ser titular dunha explotación gandeira cualificada como B<sub>3</sub> ou indemne de brucelose, B<sub>4</sub> ou oficialmente indemne de brucelose, T<sub>3</sub> ou oficialmente indemne de tuberculose, segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

j) Un punto por ser membro dunha cooperativa para a comercialización de leite que estea autorizada como comprador de leite no réxime da taxa suplementaria ou de agrupacións de xestión económica.

k) Un punto se a explotación do solicitante pertence a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.

l) Un punto por estar inscrito nunha denominación de calidade ou indicación xeográfica protexida ou similares relativas a leite ou produtos lácteos.

m) Un punto por pertencer a unha explotación asociativa das consideradas no artigo 2.o) que estea dedicada á comercialización de leite ou produtos lácteos e que este obxectivo figure expresamente nos seus estatutos.

n) Un punto no caso de que o produtor sexa muller. Se se tratase dunha explotación asociativa, cando polo menos o 50 por cento dos socios que a integran sexan mulleres (agricultoras a título principal).

#### Artigo 19. *Tramitación.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma na que radique a explotación do solicitante valorará e clasificará as solicitudes conforme os criterios previstos nos artigos 17 e 18.

2. As comunidades autónomas remitiranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo máximo de tres meses, contado desde que remate o prazo de presentación de solicitudes, os datos relativos a tódalas solicitudes presentadas, incluídas as que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 16, con sucinta indicación do motivo da proposta de denegación e as arquivadas en virtude da aplicación do artigo 71 da Lei 30/1992.

#### Artigo 20. *Procedemento de asignación.*

1. A Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizará a asignación da cota da reserva nacional, ordenando para iso as solicitudes de maior a menor puntuación.

2. No caso de que a cantidade de cota solicitada supere as dispoñibilidades da reserva nacional, limita-

ránse as cantidades que se asignen a cada explotación conforme se detalla a continuación:

a) Tódalas solicitudes serán puntuadas conforme o baremo establecido no artigo 18 e ordenaranse segundo a puntuación alcanzada.

b) En función da dispoñibilidade de cota para repartir, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá a puntuación mínima para obter asignación da reserva nacional, así como a cantidade en quilogramos de cota asignable por cada punto obtido.

c) As solicitudes aceptadas recibirán a asignación de cota procedente da reserva nacional que lles corresponda en función da súa puntuación total, coas seguintes limitacións:

1.º Non se asignarán cantidades superiores ás solicitadas.

2.º Non se asignarán cantidades superiores ó 200 por cento da cota de inicio da explotación de que se trate.

3.º Non se asignarán cantidades superiores a 120 mil quilogramos de cota por explotación.

4.º Non se asignarán cantidades inferiores a cinco mil quilogramos de cota.

3. No caso de que dous ou máis solicitantes tivesen a mesma puntuación, darase preferencia ós produtores que se achen nas seguintes circunstancias, pola orde que se cita:

a) Ser titulares dunha explotación prioritaria.

b) Ter solicitado cantidades procedentes da reserva nacional na convocatoria anterior e non as recibir por falta de dispoñibilidade.

c) Te-la condición de agricultor profesional tal e como se define no artigo 2.n).

d) Obter, nalgún dos dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude de asignación de cota, algunha axuda oficial das previstas no artigo 18.3.

e) Pola súa idade, dando prioridade ás explotacións asociativas de maior a menor antigüidade e seguidamente ás persoas físicas de menor a maior idade.

#### Artigo 21. *Resolución.*

1. O director xeral de Gandería dictará as resolucións correspondentes ás solicitudes de asignación de cota da reserva nacional. Transcorridos 12 meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes sen que se dictara e notificara resolución expresa, poderán entenderse estimadas.

2. A Dirección Xeral de Gandería remitirá a cada comunidade autónoma unha relación das cotas asignadas ós produtores a explotación dos cales estea situada no seu territorio.

#### Artigo 22. *Limitacións aplicables ás cotas asignadas.*

1. As cotas asignadas ós produtores procedentes da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión nin de indemnización por abandono, e reintegraranse á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial da súa cota.

2. Os beneficiarios de asignación de cotas da reserva nacional comprométense a non transferir nin ceder temporalmente cota durante tres períodos contados a partir do período en que se recibiu a asignación.

3. Exceptúanse do establecido nos puntos anteriores os casos de transferencias de cotas vinculadas ás explotacións, sempre que se trate da mesma explotación que tiña o produtor anterior, quedando as cotas procedentes da reserva nacional suxeitas ós requisitos de orixe.

4. Non obstante o disposto no punto 2, poderanse autorizar cesións temporais da parte de cota que nese momento non estea asignada como reserva nacional, nos casos excepcionais definidos nas alíneas l) e m) do artigo 2.

5. As cotas asignadas procedentes da reserva nacional perderán tal natureza, quedando liberadas das limitacións establecidas no punto 1, unha vez transcorridos catro períodos desde a súa asignación, contando como primeiro período aquel no que o produtor recibiu a asignación.

**Artigo 23. *Renuncia ás cotas lácteas recibidas da reserva nacional.***

1. Os produtores asignatarios de cotas lácteas da reserva poderán renunciar á totalidade das cantidades recibidas, mediante escrito dirixido ó director xeral de Gandería, sen que se poidan eludir os compromisos inherentes á resolución favorable da solicitude de cota láctea da reserva nacional que se recollen no punto 2 do artigo 22.

2. A renuncia afectará o período completo e producirá efectos desde o inicio do período no que se comunica.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FONDO NACIONAL COORDINADO DE COTAS LÁCTEAS

**Artigo 24. *Fondo nacional coordinado de cotas lácteas.***

1. Dentro da reserva nacional, o denominado Fondo nacional coordinado de cotas lácteas, en diante Fondo, nótrese do 80 por cento da cota indemnizada, procedente dos programas nacionais de abandono que se realízen no período anterior, conforme o previsto no artigo 6.2.

2. O 50 por cento da cota citada no punto anterior asignarase ós produtores que así o soliciten, logo do pagamento dunha cantidade igual ó importe medio da indemnización pagada por cada quilogramo de cota abandonada no programa de abandono nacional do período anterior. O 50 por cento restante será asignado ós produtores que adquirisen cotas do Fondo, como asignación complementaria, conforme se establece no artigo 31.

3. A cantidade total de cota que en cada período se destine ó Fondo será distribuída entre as distintas comunidades autónomas, para os únicos efectos de asignación individual a produtores conforme os criterios básicos establecidos neste real decreto, mediante o acordo adoptado na conferencia sectorial correspondente.

4. A materia graxa coa que se asignen as cantidades adquiridas ó Fondo, ou graxa representativa do Fondo, será a media ponderada dos contidos en graxa das cotas abandonadas no programa de abandono nacional do período anterior.

**Artigo 25. *Criterios xerais da convocatoria do Fondo.***

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá para cada período no que así se determine e mediante orde ministerial:

- a) O prazo de presentación das solicitudes.
- b) A cantidade de cota láctea destinada ó Fondo.
- c) A cota láctea individual máxima a partir da cal non se pode acceder ó Fondo.
- d) A modificación, se é o caso, dos estratos e porcentaxes de asignación para cada un dos estratos establecidos no punto 1 do artigo 29.
- e) Aqueloutros aspectos que se consideren necesarios para a ordenación do proceso de asignación.

**Artigo 26. *Requisitos.***

Os solicitantes que desexen obter, mediante pagamento do importe correspondente, a asignación de cotas do Fondo deberán reuni-los requisitos recollidos no artigo 16. Ademais, para os que teñan asignada cota a data 1 de abril de cada período, esta non poderá ser superior á máxima que en cada convocatoria se estableza de acordo co previsto na alínea c) do artigo 25.

Nos casos de explotacións asociativas tal como se definen no artigo 2.o), este límite sinalado para o acceso ó Fondo aplicarase despois de dividi-la cota asignada á entidade polo número de agricultores a título principal que as integren.

**Artigo 27. *Presentación de solicitudes e documentación.***

1. Os produtores interesados en obter cotas do Fondo presentarán unha solicitude, dirixida ó órgano competente da comunidade autónoma na que radique a explotación do solicitante, ante o devandito órgano ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

2. A formalización da solicitude realizarase nos prazos que para tal efecto se establezan e conterà, polo menos, os datos que figuran no modelo recollido no anexo III.

3. As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación correspondente.

**Artigo 28. *Criterios de asignación.***

1. O órgano competente da comunidade autónoma na que radique a explotación do solicitante valorará e clasificará as solicitudes e puntuará, na forma que este determine, aqueles criterios que coide preciso de entre os que se citan a continuación:

- a) Os establecidos no artigo 18, con excepción do previsto no punto 5.
- b) Ter solicitado cantidades do Fondo en períodos anteriores e, malia cumprir tódolos requisitos, non recibir asignación.

2. No caso de que dous ou máis solicitantes tivesen a mesma puntuación, darase preferencia ós produtores que se achen nas seguintes circunstancias, pola orde que se cita:

- a) Ser titulares dunha explotación prioritaria.
- b) Ter solicitado cantidades procedentes da reserva nacional na convocatoria anterior e non recibir por falta de dispoñibilidade daquela.
- c) Te-la condición de agricultor profesional tal como se define no artigo 2.n).
- d) Obter, nalgún dos dous anos inmediatamente anteriores á data da solicitude, algunha axuda oficial das previstas no artigo 18.3.
- e) Pola súa idade, dando prioridade ás explotacións asociativas de maior a menor antigüidade, e seguidamente ás persoas físicas de menor a maior idade.

**Artigo 29. *Limitacións para a asignación.***

1. A cantidade máxima que pode adquirir un produtor dependerá da cota que teña asignada o 1 de abril de cada período, de forma que:

- a) Se non tivese cota asignada, ata un máximo de 75 mil quilogramos.
- b) Se a súa cota asignada é inferior a 150 mil quilogramos, ata un máximo do 50 por cento daquela.

c) Se a súa cota asignada está comprendida entre 150 mil e 250 mil quilogramos, ata un máximo do 50 por cento da diferenza entre a súa cota e 350 mil quilogramos.

d) Se a súa cota asignada está comprendida entre 250 mil e 400 mil quilogramos, ata un máximo do 25 por cento da diferenza entre a súa cota e 500 mil quilogramos.

Nos casos de explotacións asociativas tal como se definen no artigo 2.o), os límites sinalados para o acceso ó Fondo calcularanse dividindo a cota asignada polo número de agricultores a título principal que as integren, e a cantidade máxima que poidan solicitar será o resultado de multiplicar polo devandito número a cantidade que correspondería a cada un, segundo os baremos anteriores.

2. Excluiranse as solicitudes dos produtores ós que se lles asignaran cantidades procedentes do Fondo no período inmediatamente anterior ó da solicitude, agás no caso de que o total das cantidades dispoñibles para asignar sexa superior ás solicitadas por tódolos produtores que cumpren os requisitos establecidos.

3. Non se asignarán cantidades superiores ás solicitadas.

4. Non se asignarán cantidades inferiores a cinco mil quilogramos de cota.

#### Artigo 30. *Tramitación e resolución.*

1. A convocatoria, tramitación e resolución do procedemento corresponderá ós órganos competentes da comunidade autónoma no territorio da cal radique a explotación do solicitante.

2. O órgano competente da comunidade autónoma dictará a correspondente resolución, que notificará ós interesados con indicación da data a partir da cal e no prazo dun mes estes deberán deposita-la cantidade correspondente, na forma que determine o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. A resolución condicionará a súa eficacia ó efectivo ingreso da cantidade correspondente.

3. Para efectos de que a Administración xeral do Estado dispoña en prazo abondo da información necesaria para o correcto cumprimento das obrigas derivadas do réxime de taxa suplementaria no sector do leite e produtos lácteos, por razóns de coordinación, as comunidades autónomas resolverán e notificarán as solicitudes do Fondo no prazo máximo de dous meses contado desde que remate o prazo de presentación de solicitudes.

4. As comunidades autónomas deberán comunicar-lle á Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as modificacións de cota que procedan, para os efectos da actualización da base de datos do artigo 4.

5. Finalizado o procedemento de asignación en cada comunidade autónoma, no caso de que sobrasen cotas, estas reintegraranse na reserva nacional para a súa asignación directa conforme a sección 1.<sup>a</sup> deste capítulo.

#### Artigo 31. *Asignación complementaria.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma asignará ós produtores que obtivesen cotas do Fondo a cota complementaria prevista no punto 2 do artigo 24, e pertencente á cantidade de cota destinada ó Fondo que se menciona no artigo 25.b).

2. A cantidade de cota complementaria que se asigne será idéntica á cantidade de cota adquirida ó Fondo.

3. A resolución de asignación de cota complementaria farase conxuntamente coa da asignación de cota adquirida ó Fondo.

4. As asignacións complementarias non modificarán o contido representativo de materia graxa do produtor beneficiario.

#### Artigo 32. *Limitacións aplicables ás cotas asignadas.*

1. A cota complementaria recibida en virtude de adquisición de cota ó Fondo terá a consideración de cota da reserva nacional e estará suxeita ás mesmas limitacións que para esta se establecen no punto 1 do artigo 22, así como á aplicación do establecido no punto 5 do mencionado artigo.

2. Os beneficiarios do Fondo están suxeitos ás mesmas limitacións dos beneficiarios de reserva nacional e que son as establecidas nos puntos 2 ó 4 do artigo 22.

#### Artigo 33. *Renuncias.*

1. No caso de que o produtor non efectúe o ingreso no prazo establecido, entenderase que renuncia á asignación, o cal se lle notificará mediante a correspondente resolución, quedando excluído de posibles asignacións da reserva nacional, así como de cantidades do Fondo, durante o período en que se produciu esta circunstancia e o seguinte.

2. Non se poderá renunciar á asignación de cotas solicitadas con cargo ó Fondo unha vez efectuado o ingreso das cantidades correspondentes á adquisición de cotas.

### CAPÍTULO IV

#### Movimentos de cotas

#### Artigo 34. *Modificacións do contido en materia graxa.*

O contido en materia graxa correspondente á cota que se transfira ou ceda temporalmente estará vinculado a esta e integrarase de forma ponderada co contido en materia graxa correspondente á cota do adquirente ou cesionario, respectivamente.

O contido en materia graxa das cotas para o caso de vendas directas será do 3,80 por cento.

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> TRANSFERENCIAS DE COTAS

#### Artigo 35. *Transferencias de cotas vinculadas ás explotacións.*

1. Consideraranse transferencias de cota vinculadas á explotación a venda, o arrendamento e os cambios de titularidade dunha explotación por herdanza ou os producidos entre habentes dereito ou copropietarios; nestes casos a cota dispoñible transferirase ó produtor que se faga cargo da explotación.

2. O previsto no punto anterior será aplicable nos supostos de fusión de dúas ou máis explotacións existentes co obxecto da creación dunha única explotación, así como nos casos de cesamento anticipado da actividade agraria, efectuados ó abeiro do establecido no capítulo IV do título II do Regulamento (CE) n.º 1257/1999.

3. Nos casos de venda da explotación, a transmisión deberá comprender-la totalidade dos elementos que a integren, con especial referencia a superficies, edificacións, animais, instalacións e todo o equipamento.

4. Nos casos de arrendamento, para os efectos deste artigo, esixirase a existencia dun contrato formalizado en escritura pública no que se especifiquen expresamen-

te as causas que poden motiva-la súa rescisión, así como as condicións de rescisión, con particular referencia ó destino da cota nestes casos. O arrendamento afectará igualmente a totalidade dos elementos que integren a explotación e terá unha duración mínima de cinco anos.

5. En tódolos casos, a parte da cota que non sexa transferida coa explotación incorporárase á reserva nacional.

**Artigo 36. *Transferencias de cotas desvinculadas da explotación dentro de cada comunidade autónoma.***

1. As transferencias de cotas sen a correspondente transmisión da explotación, consideradas no artigo 8.d) do Regulamento (CEE) n.º 3950/92, terán por obxecto mellora-la estrutura da produción de leite dentro do territorio de cada unha das comunidades autónomas.

2. As transferencias de cotas desvinculadas da explotación someteranse ás seguintes condicións:

a) O produtor transferidor de cotas deberá estar libre de compromisos derivados de calquera axuda que perciba ou percibira, destinada á súa explotación leiteira, de entre as previstas no Real decreto 204/1996, ou no Real decreto 613/2001, salvo nos casos excepcionais definidos nas alíneas l) e m) do artigo 2 deste real decreto.

b) A transferencia de cotas de entregas a compradores farase pola totalidade da cota individual que neste concepto teña asignada o produtor que transfira se esta fose igual ou inferior a 50 mil quilogramos.

No caso de que a cota para entrega a compradores asignada ó produtor fose superior á sinalada e decidise non transferir-la totalidade daquela para continuar coa produción de leite, polo menos deberá reter unha cota nese concepto de 50 mil quilogramos ou o 50 por cento da cota que tivese asignada para entrega a compradores cando esta fose superior a 100 mil quilogramos.

O anteriormente indicado respecto ás cotas asignadas para entrega a compradores será de aplicación ás cotas asignadas para vendas directas.

c) O produtor que adquirira cotas desvinculadas da explotación non poderá transferir nin ceder temporalmente tanto a súa cota anterior á transferencia como a adquirida por esta, ata que transcorran tres períodos desde a súa adquisición, contando como primeiro período aquel no que adquiriu. Non obstante, poderase ceder temporalmente nos casos excepcionais definidos nas alíneas l) e m) do artigo 2.

d) No caso de disolucións de sociedades, o destino da cota será o que acorden as partes interesadas. Cando o destinatario sexa un produtor alleo á explotación orixinal, non poderá, en ningún caso, recibir cota ningunha da asignada á sociedade con cargo á reserva nacional. Os produtores que como consecuencia da disolución reciban cota, non poderán transferir nin ceder temporalmente tanto a súa cota anterior á disolución como a adquirida por esta, ata que transcorran dous períodos desde a súa adquisición, contando como primeiro período aquel no que adquiriu.

Someteranse ó mesmo criterio e condicións os casos de segregación dun ou varios membros dunha explotación asociativa, co requisito engadido do cumprimento do establecido na alínea a) deste punto, en canto ás cantidades de cota que vaia rete-la sociedade orixinal.

e) A transferencia de cotas desvinculadas da explotación non poderá efectuarse mediante arrendamento ou outras figuras xurídicas afíns.

f) Durante cada período de taxa suplementaria unicamente poderá efectuarse unha transferencia por cada transferidor, se ben esta poderá realizarse a favor dun ou varios adquirentes.

**Artigo 37. *Consideracións rexionais nas transferencias de cotas desvinculadas da explotación dentro de cada comunidade autónoma.***

1. Sen prexuízo do indicado no artigo anterior, cada comunidade autónoma, no exercicio das súas competencias, poderá amplia-las condicións ás que se someterán as trasferencias de cotas desvinculadas da explotación, no referente a esixencias que deberá cumprilo transferidor, adquirente ou cantidades obxecto de transferencia.

2. Así mesmo, cada comunidade autónoma, no ámbito das súas competencias, poderá deducir da cantidade obxecto de transferencia un máximo do 20 por cento a favor da reserva nacional, de forma que a cantidade que realmente se asigne ó adquirente en virtude da transferencia sexa a porcentaxe restante.

**Artigo 38. *Transferencias das cotas desvinculadas da explotación entre produtores de distintas comunidades autónomas.***

Nas transferencias de cotas sen a correspondente transferencia da explotación previstas no artigo 8.e) do Regulamento (CEE) n.º 3950/92, coa finalidade de mellora-la estrutura da produción leiteira na explotación ou de contribuír a facer extensiva a produción, ademais dos requisitos establecidos no artigo 36 cumpriranse as seguintes condicións:

a) O produtor transferidor de cotas deberá estar libre de compromisos derivados de calquera axuda que perciba ou percibira, destinada á súa explotación leiteira, de entre as previstas no Real decreto 204/1996 ou no Real decreto 613/2001.

b) Da cantidade obxecto de transferencia deducirase o 20 por cento a favor da reserva nacional, co que a cantidade que realmente se asigna ó adquirente en virtude da transferencia será do 80 por cento restante. A devandita dedución aplicarase ás transferencias deste tipo que se existiren no período 2003/2004. No período 2004/2005 e sucesivos, a porcentaxe que se aplicará será do 15 por cento.

**Artigo 39. *Prazo para efectua-las transferencias de cotas.***

1. Para efectos de liquidación da taxa suplementaria de cada período, unicamente se actualizarán as cotas dos produtores que presentasen, na forma prevista e entre o 1 de abril e o 30 de novembro do devandito período de cotas, as comunicacións ou as solicitudes de autorización de transferencia de cotas.

2. Non obstante o establecido no punto anterior, para os casos de falecemento, xubilación ou cesamento anticipado do antigo titular producidos entre o 1 de decembro e o 31 de marzo de cada período en curso, e sempre que tanto o antigo como o novo titular entreguen ó mesmo comprador ou compradores, deberase presentar unha declaración de transferencia que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo IV bis, aínda que as cotas, para os efectos da liquidación de taxa suplementaria, non se actualizarán ata o comezo do período seguinte.

**Artigo 40. *Procedemento de tramitación de transferencias vinculadas á explotación.***

1. Para a súa tramitación deberá presentarse ante o órgano competente da comunidade autónoma unha declaración de transferencia asinada polo adquirente e o transferidor, ou polos herdeiros, se é o caso, que con-

teña, polo menos, os datos que figuran no anexo IV acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do número de identificación fiscal do produtor que transfira ou dos herdeiros, se é o caso, e do adquirente.
- b) Certificado do comprador ou compradores coas cantidades de leite e produtos lácteos entregadas polo produtor que transfire desde o 1 de abril do período para o que se solicita a entrada en vigor da transferencia ata a data do seu rexistro, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo V.
- c) Declaración do produtor que transfire, para o caso das vendas directas, con indicación das cantidades de leite e produtos lácteos vendidos por aquel desde o 1 de abril do período para o que se solicita a entrada en vigor da transferencia ata a data do seu rexistro, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo VI.
- d) Xustificación documental da causa da transferencia.
- e) Documentación xustificativa para a consideración, se é o caso, das causas excepcionais previstas nas alíneas l) e m) do artigo 2.
- f) O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do transferidor notificaralles ós interesados a procedencia ou non da transferencia, comunicando á Dirección Xeral de Gandería as modificacións de cotas que procedan, para os efectos de actualización da base de datos referida no artigo 4.
- g) A Dirección Xeral de Gandería efectuará as correspondentes comunicacións ó FEGA e ós compradores, para os efectos do previsto no artigo 3.4.

**Artigo 41. Solicitudes de autorización de transferencias desvinculadas da explotación.**

1. Transferencias entre gandeiros da mesma comunidade autónoma.

Para efectos da actualización das cotas nos casos das transferencias de cota a que se refire o artigo 36, o transferidor ou os herdeiros, se é o caso, dirixirán ó órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa explotación unha solicitude de transferencia, asinada por aquel e polo produtor que adquire, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo VII, acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade ou do número de identificación fiscal do produtor que transfira ou dos herdeiros, se é o caso, e do adquirente.
- b) Certificado do comprador ou compradores coas cantidades de leite e produtos lácteos entregadas polo produtor que transfire desde o 1 de abril do período para o que se solicita a entrada en vigor da transferencia ata a data do seu rexistro, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo V.
- c) Declaración do produtor que transfire, para o caso das vendas directas, con indicación das cantidades de leite e produtos lácteos vendidos por aquel desde o 1 de abril do período para o que se solicita a entrada en vigor da transferencia ata a data do seu rexistro, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo VI.
- d) Documentación xustificativa para a consideración, se é o caso, das causas excepcionais previstas nas alíneas l) e m) do artigo 2.
- e) Calquera outro documento que a comunidade autónoma considere necesario.

2. Transferencias entre gandeiros de distintas comunidades autónomas.

a) As solicitudes de transferencias de cotas previstas no artigo 38 dirixidas á Dirección Xeral de Gandería presentaranse ante o órgano competente da comuni-

dade autónoma onde radique a explotación do transferidor, ou nos demais lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, conforme o modelo que se estableza e que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo VIII, acompañadas, ademais da documentación sinalada nas alíneas a), b), c) e d) do punto anterior, por un informe da comunidade autónoma do transferidor relativo ó cumprimento do requisito establecido na alínea a) do artigo 38.

b) O órgano competente da comunidade autónoma do transferidor enviará á Dirección Xeral de Gandería, antes do 15 de xaneiro de cada período, os orixinais dos expedientes de solicitude, así como soporte informático que conteña os rexistros daqueles, segundo o formato e a modalidade que se establezan no seo da mesa de coordinación de cotas lácteas.

**Artigo 42. Resolución e notificación das autorizacións de transferencias desvinculadas da explotación.**

1. No caso de transferencias entre gandeiros dunha mesma comunidade autónoma, o órgano competente dictará a resolución correspondente, pola que autorice ou denegue motivadamente a transferencia solicitada, e notificaráa ós produtores afectados, comunicando á Dirección Xeral de Gandería as modificacións de cotas que procedan, para os efectos de actualización da base de datos recollida no artigo 4. A Dirección Xeral de Gandería efectuará as correspondentes comunicacións ó FEGA e ós compradores, para os efectos do previsto no artigo 3.4.

2. No caso de transferencias entre gandeiros de distintas comunidades autónomas, a Dirección Xeral de Gandería dictará a resolución correspondente, pola que autorice ou denegue motivadamente a transferencia solicitada, e notificaráa ós afectados. En caso de que a resolución sexa estimativa, a Dirección Xeral de Gandería actualizará as cantidades de referencia que procedan, comunicándollelo ó Fondo Español de Garantía Agraria, ás comunidades autónomas e ós compradores correspondentes.

**Artigo 43. Liquidación de taxa en certos casos de transferencia.**

1. Con carácter xeral, as entregas certificadas e, se é o caso, as vendas directas declaradas por un produtor transferidor no momento de efectuar unha transferencia, sempre e cando non superen a súa cota, excluída a procedente da reserva nacional, consideraranse cantidade dispoñible por aquel para os efectos da liquidación da taxa suplementaria do período.

2. No caso de transferencias reguladas polo artigo 35, efectuadas como consecuencia de herdanza, ou cambio de titularidade do total da cota a un único adquirente, as entregas realizadas polo transferidor nun período computaranse ó adquirente sempre e cando ámbolos dous realicen as devanditas entregas ó mesmo comprador, durante todo o período.

3. No caso de transferencias de cota vinculada á explotación, comunicadas mediante a presentación do anexo IV bis á comunidade autónoma entre o 1 de decembro e o 31 de marzo de cada período, como consecuencia de xubilación, falecemento ou cesamento anticipado do antigo titular producidos entre as devanditas datas, e sempre que transferidor e adquirente realicen as súas entregas de leite e produtos lácteos ó mesmo comprador ou compradores, deberán referir as entregas do adquirente ou adquirentes da explotación á cota do transferidor ou transferidores, unha vez que se constate a través da documentación achegada polos interesados que se produciu a comunicación da transferencia anteriormente mencionada.

**Artigo 44. Limitacións.**

O produtor que transferise a totalidade ou unha parte da súa cota individual non poderá obter cotas durante o mesmo período mediante adquisición por transferencia ou cesión temporal. Así mesmo, o produtor que adquira cotas non poderá, no mesmo período, efectuar transferencias, salvo causas excepcionais previstas nas alíneas l) e m) do artigo 2 debidamente xustificadas e documentadas.

**SECCIÓN 2.<sup>a</sup> CESIÓN TEMPORAIS DE COTAS****Artigo 45. Obxecto das cesións temporais.**

Os produtores de leite, con cota individual dispoñible de entregas a compradores ou de venda directa, poderán ceder temporalmente a outros produtores a parte daquelas que non vaian utilizar no período de que se trate. A devandita cesión só será válida para o mencionado período.

**Artigo 46. Tramitación das cesións temporais.**

1. As solicitudes de autorización das cesións temporais pactadas entre produtores cedentes e produtores adquirentes ou cesionarios dirixiranse ó órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do cedente, antes do 1 de febreiro de cada ano, e conterán, polo menos, os datos que figuran no anexo IX.

2. O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do cedente dictará a resolución correspondente, comunicándolle á Dirección Xeral de Gandería as modificacións de cotas que procedan, para os efectos de actualización da base de datos recollida no artigo 4.

3. A Dirección Xeral de Gandería efectuará as correspondentes comunicacións ó FEGA e ós compradores, para os efectos do previsto no artigo 3.4.

**Artigo 47. Limitacións.**

1. Os produtores de leite que realicen cesións temporais da súa cota por dous períodos consecutivos non estarán autorizados a realizar cesións durante o período seguinte, salvo por causas excepcionais debidamente xustificadas previstas nas alíneas l) e m) do artigo 2.

2. Non se tramitarán solicitudes de cesión temporal nas que o total da cantidade obxecto de cesión, sumadas as cantidades asignadas para venda a compradores e para vendas directas, sexa inferior a cinco mil quilogramos.

3. O produtor cedente deberá comprometerse durante ese período a non realizar:

- a) Transferencias a un terceiro das cotas cedidas.
- b) Solicitudes de abandono indemnizado.
- c) Adquisición de cotas por transferencias desvinculadas da explotación con posterioridade á presentación da solicitude de cesión.
- d) Adquisición, por cesión temporal, de cotas.

4. O produtor cesionario deberá comprometerse durante ese período a non realizar:

- a) Transferencias de cota, coa excepción das transferencias realizadas por herdanza dentro da mesma explotación.
- b) Solicitudes de abandono indemnizado.
- c) Cesións temporais da súa cota.

5. As cantidades procedentes da reserva nacional non poderán ser obxecto de cesión temporal.

**SECCIÓN 3.<sup>a</sup> TRANSVASAMENTO DE COTAS****Artigo 48. Obxecto e limitacións dos transvasamentos de cotas.**

1. Cando un produtor pretenda axustar a cota que ten asignada ós cambios temporais ou definitivos que afecten a comercialización da produción de leite na súa explotación, poderá realizar transvasamentos entre a parte da súa cota que lle corresponde para entrega e a parte da cota destinada para venda directa, ou viceversa.

2. Os transvasamentos de cotas dun produtor poden ser:

- a) Temporais: aqueles que teñen efectividade durante o período para o que se solicitan.
- b) Definitivos: aqueles que implican a modificación definitiva da cota do solicitante e consecuentemente da cantidade global garantida asignada a España no artigo 3 do Regulamento (CEE) n.º 3950/92.

3. Nun mesmo período, as cantidades transvasadas non poderán ser obxecto de cesión temporal nin transferencia.

**Artigo 49. Tramitación dos transvasamentos de cotas.**

1. As solicitudes de transvasamentos de cotas individuais de vendas directas a entregas a compradores, ou viceversa, dirixiranse, debidamente xustificadas e documentadas, ó órgano competente da comunidade autónoma en que radica a explotación do produtor, antes do 31 de decembro de cada período no caso dos transvasamentos definitivos, e do 1 de marzo de cada período no caso de transvasamentos temporais e no modelo que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo X.

2. O órgano competente da comunidade autónoma onde radique a explotación do solicitante dictará resolución que autorice ou denegue o transvasamento, notificándolle ós interesados, e comunicarlle á Dirección Xeral de Gandería as modificacións de cotas que procedan, para os efectos de actualización da base de datos recollida no artigo 4.

3. A Dirección Xeral de Gandería efectuará as correspondentes comunicacións ó FEGA e ós compradores, para os efectos do previsto no artigo 3.3.

4. No caso dos transvasamentos definitivos, a data límite indicada no artigo 3.3 adiantase ó 15 de febreiro. A resolución destes transvasamentos quedará supeditada á súa aprobación pola Unión Europea.

5. No caso de que un produtor con cota dispoñible para vendas directas non a utilizase na súa totalidade, superando en cambio a cota dispoñible para entregas a compradores, considerarase que o devandito produtor reúne as condicións obxectivas que xustifican a necesidade do transvasamento das cantidades sobrantes, salvo manifestación expresa daquel en contra, presentada antes do 31 de marzo. Este caso só será de aplicación ós produtores dos cales as declaracións de vendas directas estean presentadas en prazo.

**CAPÍTULO V****Incumprimentos****Artigo 50. Incumprimentos.**

Para todo o establecido neste real decreto, en caso de incumprimento será de aplicación o establecido no

artigo 98 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sen prexuízo das responsabilidades de toda orde que puidesen derivarse, especialmente as relacionadas coa aplicación da taxa suplementaria.

Disposición transitoria primeira. *Transferencias de cotas desvinculadas da explotación.*

Os produtores con adquisicións de cota desvinculadas da explotación efectuadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán acollerse ó establecido no artigo 36.2.c).

Disposición transitoria segunda. *Limitacións das cotas asignadas procedentes da reserva nacional.*

As cantidades procedentes da reserva nacional asignadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto seralles de aplicación o establecido no artigo 22.5.

Disposición transitoria terceira. *Transferencias de cotas con explotación.*

As transferencias por arrendamento da explotación que estean vixentes na data de entrada en vigor deste real decreto e que vaian expirar sen posibilidades de reinicio en condicións análogas ou nas situacións que produzan efectos xurídicos comparables, por falta de acordo entre as partes, as cotas dispoñibles das explotacións afectadas serán transferidas, en todo ou en parte, ós produtores que as vaian explotar, tendo en conta os intereses lexítimos das partes, de acordo coa lexislación vixente.

Disposición transitoria cuarta. *Cotas procedentes da reserva nacional asignadas en virtude do Real decreto 1192/2000, do 23 de xuño.*

Non obstante o indicado no punto 2 do artigo 7 do Real decreto 1192/2000, do 23 de xuño, polo que se establecen normas para a asignación individual de cantidades de referencia da reserva nacional procedentes do aumento de cota láctea, os gandeiros que renunciaren expresamente ás cantidades asignadas en virtude do mencionado real decreto poderán acollerse ó establecido no artigo 23 deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este real decreto, e en particular:

- a) O Real decreto 1888/1991, do 30 de novembro, polo que se establece un programa de ordenación do sector do leite e dos produtos lácteos.
- b) O Real decreto 1319/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen normas específicas para a aplicación do réxime da taxa suplementaria no sector do leite e dos produtos lácteos, con excepción dos artigos 3 e 4 e os puntos 1 e 3 do artigo 5.
- c) O Real decreto 324/1994, do 28 de febreiro, polo que se establecen normas reguladoras do sector do leite e dos produtos lácteos e do réxime da taxa suplementaria, con excepción dos artigos 3, 7 e 8.
- d) O Real decreto 2230/1994, do 18 de novembro, polo que se establecen normas para a asignación de cantidades de referencia suplementarias de leite procedentes da reserva nacional.

e) O Real decreto 174/1998, do 16 de febreiro, polo que se establecen normas xerais de repartición de determinadas cantidades de referencia integradas na reserva nacional de cotas lácteas.

f) O Real decreto 1487/1998, do 10 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 174/1998, do 16 de febreiro, polo que se establecen normas xerais de repartición de determinadas cantidades de referencia integradas na reserva nacional de cotas lácteas.

g) O Real decreto 1486/1998, do 10 de xullo, sobre a modernización e mellora da competitividade do sector lácteo, a excepción dos capítulos V e VI. A referencia ós artigos 13 do Real decreto 324/1994 e 25 do Real decreto 1888/1991, feita no último parágrafo do punto 4 do artigo 21 do Real decreto 1486/1998, será substituída pola referencia ó artigo 5 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Mesa de coordinación de cotas lácteas.*

1. Constituirase, adscrita ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e coa composición e funcións que este determine, unha mesa de coordinación de cotas lácteas.

2. Na citada mesa participarán representantes do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e das comunidades autónomas que voluntariamente decidan integrarse nela.

3. A mesa de coordinación ocuparase en particular, e sen prexuízo das tarefas que se lle encomenden, das seguintes funcións:

a) Propo-lo sistema de funcionamento da base de datos recollida no artigo 4.

b) Aprobación do plan nacional de control previsto no artigo 11.

c) Estudio e avaliación do funcionamento e repercusións do disposto na alínea b) do artigo 38, co fin de propor, se fose preciso, as medidas correctoras que se estimen oportunas.

d) Promove-la harmonización das actuacións das comunidades autónomas, co fin de lograr unha aplicación adecuada do sistema de xestión da cota láctea.

4. O funcionamento da mesa de coordinación non suporá incremento ningún de gasto público e será atendida cos medios materiais e de persoal existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia exclusiva que atribúe ó Estado o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para, no ámbito das súas competencias, adoptar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto e, en particular, para establece-lo sistema de funcionamento da base de datos prevista no artigo 4, así como para a modificación dos anexos.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de abril do 2003.

Dado en Madrid o 21 de marzo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
MIGUEL ARIAS CAÑETE

**ANEXO I****Solicitud de indemnización por abandono definitivo da produción láctea**

Período de solicitude  
 Identificación do titular  
 Apelidos e nome ou razón social  
 NIF/CIF  
 Data de nacemento  
 Domicilio  
 Código postal  
 Localidade  
 Provincia  
 Identificación da explotación  
 Nome  
 Código de identificación  
 Enderezo  
 Código postal  
 Localidade  
 Localización  
 Provincia  
 Datos bancarios para ingreso da indemnización por transferencia.  
 Entidade financeira.  
 Código de banco; código de sucursal; control; número de conta.  
 Cota total asignada (kg).  
 Cota asignada da reserva nacional (kg).  
 Cota indemnizable (kg).  
 Contido en graxa da cota asignada (%).  
 Expón que:

Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto, así como na correspondente orde da consellería mediante a que se estableza o procedemento para solicita-lo abandono definitivo da produción láctea.

Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Comprométese a:

Someterse ós controis que efectúe a autoridade competente para verificar que se cumpran as condicións de abandono definitivo da produción láctea.

Renunciar a toda asignación dunha cantidade de referencia con cargo á reserva nacional.

Facer efectivo o abandono antes da fin do período no que se lle conceda.

Documentación mínima que debe acompañar as solicitudes de abandono.

Toda documentación que o órgano competente coide necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos imprescindibles para optar ó abandono, en particular o de estar libre de compromisos derivados de axudas destinadas á explotación leiteira, establecido no artigo 8.c) deste real decreto.

Toda documentación que o órgano competente estime necesaria para xustificar a consideración de criterios de prioridade establecidos no artigo 10.3 deste real decreto.

**ANEXO II****Solicitud de cantidades con cargo á reserva nacional**

Período de solicitude  
 Identificación do titular  
 Apelidos e nome ou razón social

NIF/CIF  
 Data de nacemento  
 Domicilio  
 Código postal  
 Localidade  
 Provincia

Identificación da explotación  
 Nome  
 Código de identificación  
 Enderezo  
 Código postal  
 Localidade  
 Localización  
 Provincia

Cantidade solicitada para entrega a compradores.  
 Cantidade solicitada para vendas directas.

Expón que:

Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto, así como na correspondente orde da consellería mediante a que se estableza o procedemento para solicitar cota procedente da reserva nacional.

Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O solicitante, titular da explotación salientada, comprométese a:

Que as cantidades asignadas procedentes da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión temporal nin de indemnización por abandono, e reintegraranse á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial.

Non transferir nin ceder temporalmente cota durante os tres períodos seguintes, contados a partir do período en que reciba a asignación, aínda no caso de renunciar a ela.

Documentación mínima que debe acompañar as solicitudes de reserva nacional.

Toda documentación que o órgano competente da comunidade autónoma coide necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos imprescindibles para optar á asignación.

Toda documentación que o órgano competente da comunidade autónoma coide necesaria para xustificar a obtención de puntuación para determinados criterios pertencentes ó baremo establecido no artigo 18 deste real decreto.

**ANEXO III****Solicitud ó Fondo nacional coordinado de cotas lácteas**

Período de solicitude  
 Identificación do titular  
 Apelidos e nome ou razón social  
 NIF/CIF  
 Data de nacemento  
 Domicilio  
 Código postal  
 Localidade  
 Provincia

Identificación da explotación  
 Nome  
 Código de identificación  
 Enderezo  
 Código postal

Localidade  
Localización  
Provincia

Cota total asignada para entregas a compradores (kg).  
Cota total asignada para venda directa (kg).  
Contido en graxa da cota asignada (%).  
Prezo por quilogramo adquirido (€/kg).

Cantidade de cota que solicita comprar ó Fondo nacional coordinado de cotas lácteas (tanto para entrega a compradores como para venda directa).

Cantidade que solicita como asignación complementaria da reserva nacional (tanto para entrega a compradores como para venda directa).

Expón que:

Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto, así como na correspondente orde da consellería mediante a que se establece o procedemento para solicita-la adquisición de cotas ó Fondo nacional.

Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Comprométese a:

Que as cantidades obtidas como asignación complementaria da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión temporal nin de indemnización por abandono, e reintegraranse á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial.

Non transferir nin ceder temporalmente cota durante os tres períodos seguintes, contados a partir do período en que reciba a asignación, aínda no caso de renunciar a ela.

Realiza-lo ingreso correspondente do valor da cota proposta como asignación, na forma que determine o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Documentación mínima que debe acompañar as solicitudes de adquisición ó fondo nacional.

Toda documentación que o órgano competente da comunidade autónoma estime necesaria para acreditarlo cumprimento dos requisitos imprescindibles para optar á asignación.

Toda documentación que o órgano competente coide necesaria para xustifica-la obtención de puntuación para determinados criterios pertencentes ó baremo establecido neste real decreto ou, se é o caso, ás prioridades establecidas na orde de convocatoria da comunidade autónoma correspondente.

#### ANEXO IV

##### Transferencias de cota con explotación (T-1)

Identificación dos titulares, transferidor e adquirente  
Apelidos e nome ou razón social  
NIF/CIF  
Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación da explotación  
Nome  
Código de identificación  
Enderezo  
Código postal  
Localidade

Localización  
Provincia

Cantidade de cota para entrega a compradores obxecto de transferencia (kg).

Cantidade de cota para vendas directas obxecto de transferencia (kg).

Contido en materia graxa da cantidade transferida para entrega a compradores (%).

Motivo da transferencia.

Indicación de se transferidor e adquirente entregan ó mesmo comprador, nos termos que se expresan no punto 2 do artigo 43.

Comercialización de leite e produtos lácteos do transferidor.

As cantidades especificadas a continuación deben coincidir cos certificados expedidos polos compradores e, se é o caso, coa declaración do transferidor para as vendas directas. Débese especifica-lo leite ou equivalente leite comercializado no período en curso polo transferidor. Debe quedar claro que por período en curso se entende o período en que a transferencia vai entrar en vigor.

O adquirente e transferidor (ou herdeiros, no caso de herdanza) comunican a transferencia de cota coa explotación para a súa actualización na base de datos e expoñen que:

Coñecen as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre a transferencia de cota vinculada á explotación.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As entregas certificadas polo comprador e, se é o caso, as vendas directas declaradas, sempre e cando non superen a cota do transferidor, consideraranse cantidade dispoñible por este para os efectos de liquidación da taxa suplementaria do período, agás que sexa de aplicación o establecido no punto 2 do artigo 43.

#### ANEXO IV BIS

##### Caso excepcional de transferencia de cota con explotación (T 1 BIS)

Identificación dos titulares, transferidor e adquirente

Apelidos e nome ou razón social  
NIF/CIF  
Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación da explotación  
Nome  
Código de identificación  
Enderezo  
Código postal  
Localidade  
Localización  
Provincia

Causa que motiva a excepción: falecemento, xubilación ou cesamento anticipado do antigo titular.

Data en que se produce a causa; debe estar comprendida entre o 1 de decembro e o 31 de marzo do período en curso.

Cantidad de cota para entrega a compradores obxecto de transferencia (kg).

Cantidad de cota para vendas directas obxecto de transferencia (kg).

Contido en materia graxa da cantidade transferida para entrega a compradores (%).

O adquirente e transferidor (ou herdeiros, no caso de falecemento) comunican a transferencia de cota coa explotación para a súa actualización na base de datos a partir do período seguinte e expoñen que:

Coñecen as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre a transferencia de cota vinculada á explotación.

Coñecen o procedemento excepcional para este tipo de comunicación establecido no punto 3 do artigo 43.

Tanto o antigo titular como o novo realizaron as súas entregas de leite durante o presente período a un único e mesmo comprador.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

O novo titular comprométese a:

Non cambiar de comprador no que resta de período.

#### ANEXO V

##### Certificación de entregas de leite ou produtos lácteos (1)

Don/Dona ....., con número de identificación fiscal ....., en calidade de representante legal da empresa denominada ....., con código de identificación fiscal ....., número de autorización como comprador .....

Para os efectos do previsto no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

DECLARA QUE:

Coñece a intención do solicitante do certificado de acollerse á finalidade do seu destino.

CERTIFICA QUE:

Don/Dona ....., con número de identificación fiscal ....., entregou a esta empresa leite ou produtos lácteos en equivalente leite durante os períodos sinalados, as cantidades seguintes:

Período en curso	Período anterior
------------------	------------------

Cantidad de leite entregado (kg)

Contido en materia graxa (%)

Cantidad entregada corrixida polo contido graxo (kg)

(1) Neste modelo de anexo común, engadirase a continuación a finalidade do destino do certificado:

- Para solicitude de abandono
- Para solicitude ó fondo de cotas
- Para solicitude de transferencias
- Para solicitude de cesións temporais

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200

#### ANEXO VI

##### Declaración de vendas de leite ou produtos lácteos realizadas directamente polo produtor (1)

Don/Dona ....., con número de identificación fiscal ....., con domicilio en ....., localidade ....., provincia .....

Como gandeiro produtor de leite, con cota para venda directa e para os efectos do previsto no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea.

DECLARA QUE:

Comercializou directamente leite ou produtos lácteos en equivalente leite, durante os períodos sinalados:

Período en curso: (kg)

Período anterior: (kg)

Así mesmo declara que os datos anteriores son certos, e que está disposto a someterse ós controis que se lle requiran e a facilita-los documentos e xustificantes relacionados con eles que se consideren necesarios polas autoridades competentes.

(1) Neste modelo de anexo común, engadirase a continuación a finalidade do destino do certificado:

- Para solicitude de abandono
- Para solicitude ó fondo de cotas
- Para solicitude de transferencias
- Para solicitude de cesións temporais

En \_\_\_\_\_, o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200

#### ANEXO VII

##### Transferencias de cota sen a explotación dentro da comunidade autónoma (T-2)

Identificación dos titulares, transferidor e adquirente

Apelidos e nome ou razón social

NIF/CIF

Data de nacemento

Domicilio

Código postal

Localidade

Provincia

Identificación das explotacións, orixe e destino

Nome

Códigos de identificación

Enderezo

Código postal

Localidade

Localización

Provincia

Cantidad de cota para entrega a compradores obxecto de transferencia (kg).

Cantidad de cota para vendas directas obxecto de transferencia (kg).

Contido en materia graxa da cantidade transferida para entrega a compradores (%).

Comercialización de leite e produtos lácteos do transferidor.

As cantidades especificadas a continuación deben coincidir cos certificados expedidos polos compradores e, se é o caso, coa declaración do transferidor para as vendas directas. Débese especifica-lo leite ou equivalente leite comercializado no período en curso polo transfe-

ridor. Debe quedar claro que por período en curso se entende o período en que a transferencia vai entrar en vigor.

O adquirente e transferidor solicitan a transferencia de cota desvinculada da explotación para a súa actualización na base de datos e expoñen que:

Coñecen as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre a transferencia de cota desvinculada da explotación.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As entregas certificadas polo comprador e, se é o caso, as vendas directas declaradas, sempre e cando non superen a cota do transferidor, consideraranse cantidade dispoñible por este para os efectos de liquidación da taxa suplementaria do período.

#### ANEXO VIII

##### Transferencias de cota sen a explotación entre produtores de distintas comunidades autónomas (T-3)

Identificación dos titulares, transferidor e adquirente  
Apelidos e nome ou razón social  
NIF/CIF  
Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación das explotacións, orixe e destino  
Nome  
Códigos de identificación  
Enderezo  
Código postal  
Localidade  
Localización  
Provincia

Cantidade de cota para entrega a compradores obxecto de transferencia (kg).

Cantidade de cota para entrega a compradores transferida despois da deducción (kg).

Cantidade de cota para entrega a compradores que pasa á reserva nacional (kg).

Cantidade de cota para vendas directas obxecto de transferencia (kg).

Cantidade de cota para vendas directas transferida despois da deducción (kg).

Cantidade de cota para vendas directas que pasa á reserva nacional (kg).

Contido en materia graxa da cantidade transferida para entrega a compradores (%).

Comercialización de leite e produtos lácteos do transferidor.

As cantidades especificadas a continuación deben coincidir cos certificados expedidos polos compradores e, se é o caso, coa declaración do transferidor para as vendas directas. Débese especifica-lo leite ou equivalente leite comercializado no período en curso polo transferidor. Debe quedar claro que por período en curso se entende o período en que a transferencia vai entrar en vigor.

O adquirente e transferidor solicitan a transferencia de cota desvinculada da explotación para a súa actualización na base de datos e expoñen que:

Coñecen as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre a transferencia de cota desvinculada da explotación entre gandeiros de distintas comunidades autónomas.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As entregas certificadas polo comprador e, se é o caso, as vendas directas declaradas, sempre e cando non superen a cota do transferidor, consideraranse cantidade dispoñible por este para os efectos de liquidación da taxa suplementaria do período.

#### ANEXO IX

##### Cesión temporal de cota

Identificación dos titulares, cedente e cesionario  
Apelidos e nome ou razón social  
NIF/CIF  
Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación das explotacións, orixe e destino  
Nome  
Códigos de identificación  
Enderezo  
Localización  
Provincia

Cantidade de cota asignada para entrega a compradores (kg).

Contido en materia graxa da devandita cota (%).

Cantidade de cota para entrega a compradores obxecto de cesión temporal (kg).

Cantidade de cota asignada para vendas directas (kg).

Cantidade de cota para vendas directas obxecto de cesión temporal (kg).

Comercialización de leite e produtos lácteos do cedente na data da solicitude.

As cantidades especificadas a continuación deben coincidir cos certificados expedidos polos compradores e, se é o caso, coa declaración do cedente para as vendas directas. Débese especifica-lo leite ou equivalente leite comercializado no período en curso polo cedente ata a data da solicitude. Debe quedar claro que por período en curso se entende o período en que a cesión vai entrar en vigor.

O adquirente ou cesionario e o cedente solicitan a autorización da cesión temporal de cotas arriba sinaladas, para o período de 12 meses de taxa suplementaria e expoñen que:

Coñecen as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre a cesión temporal de cotas.

Coñecen e dan a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

#### ANEXO X

##### Transvasamentos de cota

Identificación do solicitante.  
Apelidos e nome ou razón social  
NIF/CIF

Data de nacemento  
Domicilio  
Código postal  
Localidade  
Provincia

Identificación da explotación.  
Nome  
Código de identificación  
Enderezo  
Código postal  
Localidade  
Localización  
Provincia

Carácter do transvasamento: temporal (para qué período) ou definitivo (a partir de qué período).

Motivación do transvasamento.

Dirección do transvasamento.

Cantidade que se vai transvasar: indicárase se é da totalidade da cota asignada para cada natureza (VI ou VD), ou a cantidade expresada en kg, no caso de que se transvase só parte da cota asignada para cada natureza (VI ou VD).

Cota para entrega a compradores anterior ó transvasamento.

Cota para vendas directas anterior ó transvasamento.

Cota para entrega a compradores despois do transvasamento.

Cota para vendas directas despois do transvasamento.

O solicitante expón que:

Coñece as condicións e limitacións establecidas neste real decreto sobre o transvasamento de cotas.

Coñece e dá a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados e utilizados de acordo co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 6047** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 99/2003, do 24 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo. («BOE» 73, do 26-3-2003.)*

Advertidos erros no Real decreto 99/2003, do 24 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega; do 1 de marzo de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 639, primeira columna, no primeiro parágrafo do preámbulo, onde di: «...Directiva 91/155/CEE da Comisión, modificada...», debe dicir: «...Directiva 91/155/CEE da Comisión, do 5 de marzo de 1991, modificada...».

Na páxina 639, primeira columna, substitúese o segundo parágrafo do preámbulo polo seguinte: «Recentemente publicouse a Directiva 2001/58/CE da Comisión, do 27 de xullo de 2001, que modifica por segunda

vez a Directiva 91/155/CEE, pola que se definen e fixan as modalidades do sistema de información específica respecto ós preparados perigosos, e na que se establece unha nova guía para a elaboración das fichas de datos de seguridade. A súa aplicación permitirá mellora-los criterios técnicos que deben utiliza-los responsables da comercialización dunha substancia química para elabora-las citadas fichas.»

Na páxina 639, segunda columna, tralo terceiro parágrafo do preámbulo debe aparecer un cuarto coa seguinte redacción: «Na elaboración deste real decreto oíronse os sectores afectados.»

Na páxina 639, segunda columna, na fórmula promulgatoria, onde di: «...de Ciencia e Tecnoloxía, oídos os sectores afectados, de acordo co Consello de Estado...», debe dicir: «...de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado...».

Na páxina 639, segunda columna, no número 2 do artigo único, debe dicir: «O texto do anexo XI do Regulamento sobre notificación de substancias novas, clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas substitúese polo texto do anexo deste real decreto.»

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

- 6049** *CORRECCIÓN de erratas da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos. («BOE» 73, do 26-3-2003.)*

Padecidas erratas na inserción da Orde SCO/249/2003, do 5 de febreiro, pola que se modifican os anexos do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 1 de marzo de 2003, transcríbense a seguir as oportunas rectificacións:

Na segunda parte do anexo III, páxina 709, número de orde 62, columna (B), onde di: «Musketone», debe dicir: «Musk ketone».

Na páxina 710, primeira parte do anexo VII, número de orde 26, columna (b), onde di: «Dimethicoldiehyllbenzal malonate», debe dicir: «Dimethicodiethylbenzal malonate».

## XEFATURA DO ESTADO

- 6240** *LEI 4/2003, do 27 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 13.800.073,02 euros, para atende-lo pagamento da débeda da Confederación Hidrográfica del Tajo con Unión Eléctrica Fenosa, S.A. («BOE» 75, do 28-3-2003.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.